

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE 4º CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

CPI CASTRO BAXOI Curso 2022/2023

- 1.- Introducción e contextualización.**
- 2.- Contribución ó desenvolvemento das Competencias Clave.**
- 3.- Concreción dos obxectivos para o curso.**
- 4.- Áreas curriculares.**
- 5.- Concrecións metodolóxicas.**
- 6.- Materiais Curriculares e outros recursos didácticos**
- 7.- Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.**
- 8.- Información as familias.**
- 9.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino.**
- 10.- Indicadores de logro para avaliar a práctica docente.**
- 11.- Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes.**
- 12.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.**
- 13.- Medidas de atención á diversidade.**
- 14.- Concreción dos elementos transversais que se traballan no curso.**
- 15.- Actividades extraescolares e complementarias.**
- 16.- Aplicación dos plans e proxectos do centro.**
- 17.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.**
- 18.- Estándares de aprendizaxe mínimos das diferentes áreas.**
- 19.- Temporalización das unidades didácticas das áreas.**

1.-INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades. Tendo en conta que a educación inicial é cada vez máis determinante, é necesario establecer as condicións que permitan cambios metodolóxicos que fagan posible acadar os obxectivos propostos.

A potenciación da aprendizaxe por competencias, seguindo a *Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato*, caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial debe abordarse desde todas as áreas de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais coma nos non formais e informais; o seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

Seguindo o *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, para lograr este proceso de cambio curricular é preciso favorecer unha visión interdisciplinaria e, de xeito especial, posibilitarlle unha maior autonomía á función docente, de forma que permita satisfacer as demandas dunha maior personalización da educación. O rol do persoal docente é fundamental, pois debe ser quen de deseñar tarefas ou situacións de aprendizaxe que posibiliten a resolución de problemas e a aplicación dos coñecementos aprendidos, xa que os contidos están subordinados á acción.

Esta Programación contribue a alcanzar a finalidade da educación primaria que é facilitarlles aos alumnos e ás alumnas as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, os hábitos de convivencia, de estudo e de traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e de preparalos/as para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria.

1.1.-DESCRIBIÓN E ANÁLISE DA CONTORNA- CONTEXTUALIZACIÓN. ENTORNO FÍSICO

O noso Centro Escolar está situado no núcleo urbano de Miño, preto dun entorno natural moi rico e singular, as marismas do río Baxoi, e moi cerca das praias da Ribeira e da Praia Grande de Miño. Recibe alumnado dos concellos de Miño e Vilarmaior, que forman parte do Conxunto do Eume, xunto cos concellos de Cabanas, Monfero e Pontedeume dentro da bisbarra natural que forma o Golfo Ártabro.

Miño, situado na costa, evoluciona de maneira positiva no seu crecemento, experimentando pequenos altos e baixos en relación coa conxuntura do momento (crise económica, emigración, etc.). Na actualidade funciona como núcleo de veraneo para o Conxunto Ártabro, igual que outros da zona. En cambio Vilarmaior, situado no interior, sofre reducións moi drásticas no número de

habitantes, a partir dos anos 40, como consecuencia dos desprazamentos da poboación na busca de mellores oportunidades e dun aumento do nivel de vida. É un concello menor polo seu escaso peso demográfico.

CONCELLO DE MIÑO: **ASPECTOS FÍSICOS**

Miño está situado na desembocadura da Ría de Betanzos. Limita ó Norte co concello de Pontedeume, ó sur cos concellos de Paderne e Irixoa, ó leste co de Vilarmajor e ó oeste coa citada ría.

Cunha extensión de 34 km² ten unha densidade de poboación de 187 hab./km² e un crecemento vexetativo negativo de -6 (datos dos anos 2018 e 2017, respectivamente).

Está atravesado pola variante da N-VI Betanzos-Ferrol, pola autoestrada A-9 e pola liña de ferrocarril Betanzos-Ferrol.

Pertence á bisbarra das Mariñas. Báñao a ría de Ares e Betanzos que lle proporcionan un clima suave aínda nas zonas situadas máis lonxe da costa.

Está distribuído territorialmente en oito parroquias: Bemantes, Callobre, Carantoña, Castro, Leiro, Miño, Perbes e S. Xoan de Vilanova.

O relevo é irregular e de pouca altura, a costa é recortada. Na desembocadura do Lambre na Ponte do

Porco hai unha pequena ría que forma a praia da Alameda, a continuación da praia Grande. Logo, a costa é rochosa con calas areosas como Andaio e S. Pedro de Perbes. En fronte, unhas pequenas illas.

Os ríos máis importantes son o Lambre e o Baxoi, de pouco caudal pero fermosos; cruzados por dúas pontes famosas construídas polos Andrade. Unha deu fama ó lugar de Ponte do Porco, aínda que a primitiva atópase 1 km. máis arriba e hoxe chámase Ponte Lambre, de estilo oxival cun só arco. A outra cruza o Baxoi cerca da desviación que sae cara a Bañobre, o carón da desviación Betanzos-Ferrol da estrada nacional VI. Esta desemboca nunha zona pantanosa, as marismas.

O clima, de tipo oceánico húmido caracterízase polas suaves temperaturas e choivas abundantes. A temperatura media oscila entre os 13 e os 14° C. As precipitacións son de entre 900 e 1000 mm anuais, repartidas ó longo de todo o ano cun máximo en outono e inverno e un mínimo no verán.

Os montes son de pouca altura, o solo é de tipo cambisol ou terra parda, característicos da Galicia do Norte, de baixa fertilidade e un aproveitamento forestal -algún día con vexetación autóctona de carballos, hoxe substituídos de piñeiros e eucaliptos - e gandeiro, case exclusivo.

ASPECTOS SOCIOECONÓMICOS

A economía era, tradicionalmente, de carácter agrario, gandeiro e forestal. Estas actividades económicas foron perdendo paulatinamente importancia en favor do sector servizos: turismo, sobre todo, e comercio.

Hoxe en día Miño conta con 63 afiliacións en alta laboral ao sector Gandeiro e pesqueiro. A industria forestal conta con 1200 ha. dedicadas a monte para a produción de madeira, o que significa o 36 % da superficie total do municipio. Outros sectores como o pesqueiro carecen de relevancia no conxunto da economía local. A actividade industrial non é moi importante. Dedícanse á actividade industrial e á construción arredor dun 25% da poboación.

Miño conta cun número importante de empresas (487), en relación á poboación, pero a maioría son empresarios autónomos (352). Só 7 empresas contan con máis de 10 asalariados, e 2 contan con máis de 20.

Un aspecto a ter en conta é a crecente importancia da zona como centro de veraneo, o que ocasiona un aumento importante de poboación flotante no período estival, un notable desenvolvemento de complexos hostaleiros e zonas residenciais que lle imprimen un carácter urbano ó municipio.

O paro rexistrado, preto do 10%, vincúlase, sobre todo, ao sector servizos.

2. O CENTRO ESCOLAR

Foi construído en dúas fases, a primeira -dedicada practicamente en toda a súa totalidade a Educación Primaria- foi inaugurada no curso 1995-96, e a segunda, dedicada a ESO no 1999-2000. Está situado no lugar de Telle e a súa construción é moderna e pouco funcional.

Na actualidade dispón de 6 aulas dedicadas a Educación Infantil, 13 a Educación Primaria, 10 a Educación Secundaria, 3 para as docentes de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, 1 de Música, 1 de Informática, e ademais dispoñemos da Biblioteca, o Laboratorio, o Ximnasio e o espazo do comedor. A biblioteca vaise empregar en parte do horario como aula de desdobre. O resto de espazos son para os departamentos didácticos, a parte de Dirección, a sala de profesores e a sala COVID. Ao longo deste curso recuperaremos o espazo que está a ser empregado como comedor pois estase a levar a cabo a adaptación dun novo espazo para usalo como comedor.

O alumnado procede dos concellos de Miño e de Vilarmaior (das parroquias de Vilamateo, Güimil, O Tres e Torres). Na área de influencia deste Centro hai dous CEIP incompletos nos que se escolarizan alumnos de Educación Infantil e Primaria, os de Bemantes no Concello de Miño e o de Torres no de Vilarmaior. Os alumnos destes centros pasan a ser alumnos deste CPI no momento no que rematan o 1º Ciclo de Educación Primaria. O CPI Castro Baxoi está integrado na zona educativa de Betanzos e escolariza alumnos de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

Dentro da área á que corresponde o centro, atópase o Centro Fogar María Inmaculada de Bañobre do cal recibimos estudantes de diferentes idades e en diferentes momentos do curso escolar dado o movemento que hai neste tipo de centros

É tamén un dato a ter en conta, o número significativo de alumnado procedente doutras comunidades e nacionalidades que nos últimos anos está a chegar ao noso municipio, a maioría deles co curso xa iniciado, algo que é necesario ter en conta á hora de programar e definir actividades e recursos. Por último, o noso centro matricula un número importante de alumnado procedente do centro de acollida de menores M^a Inmaculada de Bañobre.

O noso CPI conta no curso 2021/22 cun total de alumn@s. É importante sinalar o número significativo de alumnos que se incorporan ao centro ao longo do curso, co que hai unha variación deste dato de forma constante

Alumnado.

No cuarto nivel de Educación Primaria pódese comentar que escolarízanse un total de 54 nenas e nenos, en tres aulas con 18 alumnos cada unha. Nas tres aulas temos alumnado con necesidades moi variadas: ACIS, TDAH, alumnado de aula especial...

O profesorado especialista en Lingua Inglesa, Educación Musical e Educación Física que imparte clase neste nivel sufriu variacións con respecto ó curso anterior. Por outra banda contamos con mestres especialistas en PT en ámbalas dúas clases e AL nunha delas. Ademais de unha auxiliar de conversa.

A maioría do alumnado de 4º deste centro é castelán falante con dificultades para empregar o galego como lingua de comunicación.

2.- CONTRIBUCIÓN Ó DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

A Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, establece que as as competencias clave do currículo son as seguintes:

- a) Comunicación lingüística.
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- c) Competencia dixital.
- d) Aprender a aprender.
- e) Competencias sociais e cívicas.
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- g) Conciencia e expresións culturais.

As competencias, por tanto, se conceptualizan como un «saber facer» que se aplica a unha diversidade de contextos académicos, sociais e profesionais. Para que a transferencia a distintos contextos sexa posible resulta indispensable unha comprensión do coñecemento presente nas competencias e a vinculación de leste coas habilidades prácticas ou destrezas que as integran. Identifícanse claramente oito competencias clave esenciais para o benestar das sociedades europeas, o crecemento económico e a innovación, e describíense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha delas. Así pois, o coñecemento competencial integra:

- ✓ Un coñecemento de base conceptual: conceptos, principios, teorías, datos e feitos (coñecemento declarativo-saber dicir).
- ✓ Un coñecemento relativo ás destrezas, referidas tanto á acción física observable como á acción mental (coñecemento procedimental-saber facer).
- ✓ E un terceiro compoñente que ten unha gran influencia social e cultural, e que implica un conxunto de actitudes e valores (saber ser).

Por outra banda, a aprendizaxe por competencias favorece os propios procesos de aprendizaxe e a motivación por aprender, debido á forte interrelación entre os seus compoñentes: o coñecemento de base conceptual («coñecemento») non se aprende á marxe do seu uso, do «saber facer»; tampouco se adquire un coñecemento procedimental («destrezas») en ausencia dun coñecemento de base conceptual que permite dar sentido á acción que leva a cabo. Dado que a aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral, o proceso de ensino-aprendizaxe competencial debe abordarse desde todas as áreas de coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais como nos non formais e informais. O seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no uso das mesmas. Ademais, esta aprendizaxe implica unha formación integral das persoas que, ao finalizar a etapa académica, serán capaces de transferir aqueles coñecementos adquiridos ás novas instancias que aparezan na opción de vida que elixan. As competencias clave deberán estar estreitamente vinculadas aos obxectivos definidos para a Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato. Esta vinculación favorece que a consecución dos devanditos obxectivos ao longo da vida académica leve implícito o desenvolvemento das competencias clave, para que todas as persoas poidan alcanzar o seu desenvolvemento persoal e lograr unha correcta incorporación na sociedade. Un enfoque metodolóxico baseado nas competencias clave e nos resultados de aprendizaxe leva importantes cambios na concepción do proceso de ensino-aprendizaxe, cambios na organización e na cultura escolar; require a estreita colaboración entre os docentes no desenvolvemento curricular e na transmisión de información sobre a aprendizaxe dos alumnos e alumnas, así como cambios nas prácticas de traballo e nos métodos de ensino.

As competencias clave deben estar integradas nas áreas ou materias das propostas curriculares, e nelas definirse, explicitarse e desenvolverse suficientemente os resultados de aprendizaxe que os alumnos e alumnas deben conseguir. Tanto na avaliación continua nos diferentes cursos como nas avaliacións finais nas diferentes etapas educativas, deberá terse en conta o grao de dominio das competencias correspondentes á Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato, a través de procedementos de avaliación e instrumentos de obtención de datos que ofrezan validez e fiabilidade na identificación das aprendizaxes adquiridas.

Por iso, para poder avaliar as competencias é necesario elixir, sempre que sexa posible, estratexias e instrumentos para avaliar ao alumnado de acordo cos seus desempeños na resolución de problemas que simulen contextos reais, mobilizando os seus coñecementos, destrezas, valores e actitudes.

Han de establecerse as relacións dos estándares de aprendizaxe avaliábeis coas competencias ás que contribúen, para lograr a avaliación dos niveis de desempeño competenciais alcanzados polo alumnado. A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade ás aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora. Estableceranse as medidas que sexan necesarias para garantir que a avaliación do grao de dominio das competencias do alumnado con discapacidade realícese de acordo cos principios de non discriminación e accesibilidade e deseño universal. Utilizaremos procedementos de avaliación variados para facilitar a avaliación do alumnado como parte integral do proceso de ensino e aprendizaxe, e como unha ferramenta esencial para mellorar a calidade da educación.

Así mesmo, é necesario incorporar estratexias que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, como a autoevaluación, a avaliación entre iguais ou a coevaluación. Estes modelos de avaliación favorecen a aprendizaxe desde a reflexión e valoración do alumnado sobre as súas propias dificultades e fortalezas, sobre a participación dos compañeiros nas actividades de tipo colaborativo e desde a colaboración co profesorado na regulación do proceso de ensino-aprendizaxe. En todo caso, os distintos procedementos de avaliación utilizábeis, como a observación sistemática do traballo dos alumnos, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro, ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente.

3.- OBXECTIVOS CURRICULARES DA EDUCACIÓN PRIMARIA

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, das Ciencias Sociais, da Xeografía, da Historia e da Cultura con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

4.- ÁREAS CURRICULARES E BLOQUES DE CONTIDO

En cada unha das áreas curriculares, os contidos, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe aparecen organizados en bloques.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

A lingua é un instrumento empregado constante e necesariamente na vida diaria tanto para entender como para producir mensaxes, nos intercambios comunicativos orais e escritos. Interactúase coa familia, coas amizades e con outras persoas (ámbito profesional) nas conversas diarias ou a través de cartas, correos electrónicos, mensaxes curtas, blogs... Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactiva con aquelas outras que pertencen ao seu contorno e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe. Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser participe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos. Non obstante, máis alá do ámbito escolar e familiar, na sociedade actual a competencia comunicativa e lingüística é fundamental para poder vivir satisfactoriamente. Se desde sempre o dominio lingüístico foi elemental para poder desenvolverse na maioría dos aspectos da vida, agora, na sociedade da información é, se cabe, moito maior esta necesidade. Na era da Internet e da abundancia de medios de comunicación, os cidadáns e as cidadás deben estar preparados para entender e elaborar calquera tipo de mensaxe: interactiva correctamente coa persoa que os atende en calquera negocio ou entidade pública, escoitar e procesar as noticias da televisión, ler un xornal, escribir un correo electrónico ou participar nun blogue. Non se pode esquecer o valor que a literatura supón dentro do ensino desta área. A literatura é un produto de expresión artística que permite transmitir as necesidades e os pensamentos dunha persoa ou persoas nun determinado momento histórico. É, pois, unha disciplina moi relacionada coas Ciencias Sociais, a Música, a Arte... Pero, ademais, a literatura é un produto creado con palabras, coa lingua, coa fermosura e beleza dos elementos da linguaxe e, por iso, é enorme a vinculación entre ambas as disciplinas e xustifica que se dean a man no desenvolvemento desta área».

A área de Lingua Galega e Literatura artículase en cinco bloques:

- Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar.
- Bloque 2. Comunicación escrita: ler.
- Bloque 3. Comunicación escrita: escribir.
- Bloque 4. Coñecemento da lingua.
- Bloque 5. Educación literaria.

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

«O ensino da área de Lingua Castelá e Literatura ao longo da educación primaria ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado. Esta debe achegar durante toda a etapa as ferramentas e os coñecementos necesarios para que os nenos e as nenas poidan desenvolverse satisfactoriamente nos ámbitos privado e público, relacionados coas interaccións individuais e sociais cotiás propias da súa idade. A lingua apréndese, non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos, aventuras, sobre o mundo. Ademais, a lingua é o medio das relacións interpersoais e a porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, o profesorado de lingua debe guiar o alumnado para facelo usuario consciente do potente instrumento que é a lingua, a competencia en comunicación lingüística, para comprender, crear e/ou transformar o seu mundo; utilizar a potencia do manexo efectivo da lingua para unha comunicación eficaz, e lograr un avance substancial no desenvolvemento das súas posibilidades. Nesta concepción da lingua como instrumento para a transmisión de información e ferramenta para operar co coñecemento, debe situarse o ensino da literatura. Transmisora de cultura e tamén liberadora, a literatura incita á fantasía, á evocación de mundos posibles, á creación e á reflexión crítica. E vai de par coa lingua que achega aspectos metalingüísticos e instrumentais fundamentais para acceder aos textos literarios e para crealos. Así, a aprendizaxe da literatura debe constituír tanto un instrumento de aprendizaxe como unha fonte de gozo e de creatividade».

A área de Lingua Castelá e Literatura artículase en cinco bloques:

- Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar.
- Bloque 2. Comunicación escrita: ler.
- Bloque 3. Comunicación escrita: escribir.
- Bloque 4. Coñecemento da lingua.
- Bloque 5. Educación literaria.

MATEMÁTICAS

As matemáticas permiten coñecer e estruturar a realidade, analízala e obter información para valorala e tomar decisións; son necesarias na vida cotiá, para aprender a aprender, e tamén polo que a súa aprendizaxe achega á formación intelectual xeral, e a súa contribución ao desenvolvemento cognitivo. O uso das ferramentas matemáticas permite abordar unha gran variedade de situacións.

As matemáticas son un conxunto de saberes asociados aos números e ás formas, e constitúen unha forma de analizar diversas situacións, identifícanse coa dedución, a indución, a estimación, a aproximación, a probabilidade, a precisión, o rigor, a seguridade, etc. axúdannos a enfrontarnos a situacións abertas, sen solución única e cerrada; son un conxunto de ideas e formas que nos permiten analizar os fenómenos e as situacións que se presentan na realidade, para obter informacións e conclusións que non estaban explícitas e actuar, preguntarnos, obter modelos e identificar relacións e estruturas, de modo que implican non só utilizar cantidades e formas xeométricas senón, e sobre todo, encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas».

Os bloques de contidos que se abordan en Matemáticas son os seguintes:

- Bloque 1. Procesos, métodos e actitudes en matemáticas.
- Bloque 2. Números.
- Bloque 3. Medida.
- Bloque 4. Xeometría.
- Bloque 5: Estadística.

CIENCIAS DA NATUREZA

As Ciencias da Natureza axúdannos a coñecer o mundo en que vivimos, a comprender o noso medio e as achegas dos avances científicos e tecnolóxicos á nosa vida diaria. A través das ciencias da natureza achegámonos ao traballo científico e á súa contribución ao desenvolvemento, polo que é necesario proporcionar a todos os alumnos e alumnas as bases dunha formación científica que os

axude a desenvolver as competencias necesarias para desenvolverse nunha realidade cambiante cada vez máis científica e tecnolóxica.

O desenvolvemento da ciencia e da actividade científica é unha das claves esenciais para entender a evolución da humanidade. Na actualidade, a ciencia é un instrumento indispensable para comprender o mundo que nos rodea e os seus cambios, así como para desenvolver actitudes responsables sobre aspectos relacionados cos seres vivos, os recursos e o medio natural. Por todo iso, os coñecementos científicos intégranse no currículo básico da Educación Primaria e deben formar parte da educación de todos os alumnos e alumnas.

A través da área de Ciencias da Natureza os alumnos e as alumnas iníciase no desenvolvemento das principais estratexias da metodoloxía científica, tales como a capacidade de formular preguntas, identificar o problema, formular hipóteses, planificar e realizar actividades, observar, recoller e organizar a información relevante, sistematizar e analizar os resultados, sacar conclusións e comunicalas, traballando de forma cooperativa e facendo uso de forma adecuada dos materiais e ferramentas».

Os bloques de contido que articulan a área son os seguintes:

- Bloque 1. Iniciación á actividade científica.
- Bloque 2. O ser humano e a saúde.
- Bloque 3. Os seres vivos.
- Bloque 4. Materia e enerxía.
- Bloque 5. A tecnoloxía, obxectos e máquinas.

CIENCIAS SOCIAIS

Nas Ciencias Sociais intégranse diversas disciplinas que estudan as persoas como seres sociais e a súa realidade nos seus aspectos xeográficos, sociolóxicos, económicos e históricos.

O obxecto das Ciencias Sociais nesta etapa é aprender a vivir en sociedade, coñecendo os mecanismos fundamentais da democracia e respectando as regras da vida colectiva».

Os bloques nos que se distribúen os contidos da área son os seguintes:

- Bloque 1. Contidos comúns.
- Bloque 2. O mundo en que vivimos.
- Bloque 3. Vivir en sociedade.
- Bloque 4. As pegadas do tempo.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

A lingua é un instrumento empregado constante e necesariamente na vida diaria tanto para entender como para producir mensaxes, nos intercambios comunicativos orais e escritos. Interactúase coa familia, coas amizades e con outras persoas (ámbito profesional) nas conversas diarias ou a través de cartas, correos electrónicos, mensaxes curtas, blogs... Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactiva con aqueloutras que pertencen ao seu contorno e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe. Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser participe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos. Non obstante, máis alá do ámbito escolar e familiar, na sociedade actual a competencia comunicativa e lingüística é fundamental para poder vivir satisfactoriamente. Se desde sempre o dominio lingüístico foi elemental para poder desenvolverse na maioría dos aspectos da vida, agora, na sociedade da información é, se cabe, moito maior esta necesidade. Na era da Internet e da abundancia de medios de comunicación, os cidadáns e as cidadás deben estar preparados para entender e elaborar calquera tipo de mensaxe: interactiva correctamente coa persoa que os atende en calquera negocio ou entidade pública, escoitar e procesar as noticias da televisión, ler un xornal, escribir un correo electrónico ou participar nun blog. Non se pode esquecer o valor que a literatura supón dentro do ensino desta área.

A literatura é un produto de expresión artística que permite transmitir as necesidades e os pensamentos dunha persoa ou persoas nun determinado momento histórico. É, pois, unha disciplina moi relacionada coas Ciencias Sociais, a Música, a Arte... Pero, ademais, a literatura é un produto creado con palabras, coa lingua, coa fermosura e beleza dos elementos da linguaxe e, por iso, é enorme a vinculación entre ambas as disciplinas e xustifica que se dean a man no desenvolvemento desta área». A área de Lingua Galega e Literatura artículase en cinco bloques:

- Bloque 1. Comunicación oral: falar e escoitar.
- Bloque 2. Comunicación escrita: ler.
- Bloque 3. Comunicación escrita: escribir.
- Bloque 4. Coñecemento da lingua.
- Bloque 5. Educación literaria.

5.- CONCRECIÓNS METODOLOXÍCAS.

Seguindo o establecido no *Decreto 105/2014, de 4 de setembro, por el que se establece el currículo de la educación primaria en la Comunidad Autónoma de Galicia*. Principios metodolóxicos, poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo. A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, os centros docentes organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura non inferior a trinta minutos.

A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Prestaráselle especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar. Os mecanismos de reforzo, que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos; centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación.

A aprendizaxe competencial persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais. As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a

aprendizaxe; por iso é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións.

Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes; hai flexibilidade de modo que todos os integrantes do grupo poidan participar e encontren actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros e do progreso, que logran día a día. A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade baséase na actividade; eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. O alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe. Se promoven estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro. Consideralo progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corríxense ao finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe alcanzable e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado, que o mesmo lle pode acontecer a un falante nativo. Non paga a pena corrir os fallos porque non son relevantes do proceso de ensino-aprendizaxe.

A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante para asegurar a calidade deste.

A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos. Hai actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do mesmo neno e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, a Educación Artística, as Matemáticas, a Educación Física, etc.

Unha aprendizaxe permanente. Non hai saberes que se adquiren exclusivamente nunha determinada materia e só serven para ela (sobre todo nesta e para esta). Con todo o que o alumno aprende nas diferentes materias (e non só na institución escolar) constrúe unha bagaxe cultural e de información que debe servilo para o conxunto da súa vida, que debe ser capaz de utilizalo en momentos precisos e en situacións distintas (a linguaxe é, para estes efectos, paradigmático).

Fomenta a curiosidade e o desexo de descubrir novas ideas e técnicas para a expresión artística. Coa finalidade de promover a creatividade e ofrecer modelos. Contribuír aos proxectos individuais e en grupo.

Levaranse a cabo proxectos para levar a cabo un enfoque globalizador con proxectos nos que o alumnado recolla información con imaxes, textos escritos e despois traballe en grupo e individualmente.

A metodoloxía será comunicativa. O obxectivo é a inmersión na lingua inglesa. Plantéxase o acercamento progresivo á lingua estranxeira, con unha sección bilingüe en plástica. É importante ter en conta as distintas capacidades que entran no xogo da aprendizaxe. Trabállase a atención, a concentración, a memoria, expresión lingüística e a motivación de logro e a comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e a comunicación.

6.- MATERIAIS CURRICULARES E OUTROS RECURSOS DIDÁCTICOS

Material do alumno:

Lingua Galega e Literatura:

- Libro do alumno de Lingua.
- Cadernos de traballo.

- Dicionario da lingua galega.
- Libro do itinerario lector.

Lingua Castelá e Literatura:

- Libro do alumno de Lingua Castelá.
- Caderno de traballo.
- Dicionario escolar.
- Libro do itinerario lector.

Matemáticas:

- Libro do alumno de Matemáticas.
- Cadernos de traballo.

Ciencias da Natureza:

- Libro do alumno de Ciencias Naturais.
- Caderno de traballo.

Ciencias da Sociais.

- Caderno de traballo.
- Libro do alumno de Ciencias Sociais.

Material da aula:

- Láminas de Lingua e Lingua Castelá.
- CDs de Comunicación oral. CDs de Lecturas.
- Láminas de Matemáticas.
- Láminas de Ciencias da Natureza.
- Caixa de xogos e material didáctico.
- Láminas de Ciencias Sociais.
- Biblioteca de aula.

Material do profesorado:

- Guías didácticas por área.
- Programación Didáctica.
- Programación de aula.

Recursos dixitais:

- Pizarra dixital.
- Recursos de páxinas web: educateca, repositorio de contidos Abalar...
- Páxina web do centro
- Aula virtual de Santillana.
- Aula Virtual de 4º, utilizarase en caso de confinamento para poñer as tarefas semanalmente, ademais de ser utilizada para colgar tarefas para casa. (nos primeiros días de curso realizaremos actividades específicas para poñer os neno ó día).

7.- CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.

Seguindo a *Orden de 9 de junio de 2016 pla que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*. A avaliación ten como finalidades a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado e o

exercicio da práctica docente. A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas e na adquisición das competencias clave. Avaliaranse tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o cal establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións das áreas troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe que figuran nos anexos I, II e III do *Decreto 105/2014, do 4 de setembro*. A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora. Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os que conforman o perfil desa competencia.

Atendendo a diferentes criterios, o currículo proponnos unha serie de ferramentas que nos permiten levar a cabo o proceso de avaliación na aula. No caso da avaliación formativa, serán a observación e seguimento sistemático do alumno, é dicir, tomaranse en consideración todas as producións que desenvolva, tanto de carácter individual como grupal: traballos escritos, exposicións orais e debates, actividades de clase, lecturas e resumos, investigacións, actitude ante a aprendizaxe, precisión na expresión e autoavaliación entre outros. E os da avaliación sumativa, as probas escritas trimestrais e orais. En todo caso, os procedementos de avaliación serán variados, de xeito que poidan adaptarse á flexibilidade que esixe a propia avaliación.

O currículo tamén establece uns criterios de avaliación e uns estándares de aprendizaxe avaliábeis por materia e curso que nos permiten avaliar a consecución dos obxectivos da materia. Respecto á avaliación por competencias, dado que estas son moi xenéricas, debemos concretalas moito máis, analízalas para lograr que nos sirvan como referente para a acción educativa e para demostrar a competencia real do alumno, e é o que chamamos indicadores.

Para poder avaliar os alumnos, o profesorado necesita unha serie de instrumentos que lle permitan obter uns datos concretos. Os instrumentos que cremos máis indicados para a obtención deses datos, como poden ser:

A observación, proba escrita, proba oral, caderno de clase e traballo diario.

Cualificarase o traballo diario da aula en base a cadernos, actividades de investigación, observación das realizacións en aula, actitude, esforzo e participación nas tarefas grupais e individuais. Nalgúns casos poderanse utilizar probas obxectivas para comprobar e verificar algúns datos relacionados con aspectos conceptuais e procedimentais.

Para as cualificacións teranse en conta o traballo do alumando e a súa actitude e esforzo coas porcentaxes seguintes:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	
Traballo na aula.	20%
Comportamento (cos compañeiros, mestras, mestres, esforzo, actitude...)	20%
Probas (exámenes escritos, probas orais, traballos de investigación).	60%

Promoción:

Promocinará de nivel o alumnado que teña avaliación positiva en tódalas disciplinas, tamén promocionará o que teñan avaliación negativa en dúas troncais, pero non poden ser á vez as linguas ou matemáticas. Non promocionará o alumnado que teña máis de unha disciplina nas que se atopen as linguas ou matemáticas, puidendo promocionar se suspende dúas asignaturas nas que non se atopen ningunha das anteriores ou unha delas e outra das restantes coma: E. Artística, C. Naturais, C. Sociais, E.F., Relixión/Valores e a de Libre Configuración.

8.- INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS.

Ao longo de cada un dos cursos realizaranse, polo menos, tres sesións de avaliación para cada grupo de alumnos e alumnas, que serán presididas pola persoa titora, quen levantará unha acta en que consten as valoracións e conclusións sobre o nivel de rendemento do grupo e do alumnado e os acordos adoptados en relación co grupo ou en relación cos alumnos e coas alumnas.

A necesidade de crear unha escola inclusiva como a plantexada pola *LOMCE* no seu preámbulo e a importancia que ten a relación coas familias mencionada no currículo, fai preciso recoller no Plan de Acción Titorial as accións levadas a cabo xunto con estas familias, como principais responsables da educación dos nenos e nenas.

Durante o primeiro mes do curso, realizarase unha reunión presencial de pais e nais.

Por outro lado, tendo presente que cada neno e nena do grupo ten unha serie de características e estilos de vida propios, que se debe coñecer, respectar e facer respectar. Na miña función entra a necesidade de obter información sobre as situacións familiares dos meus alumnos/as e para elo emprego estratexias como entrevistas persoais, encontros informais nos momentos de entrada e saída sobre todo de aqueles nenos/as que veñen acompañados polos familiares á escola, xa que algúns empregan o transporte (a comunicación con estas familias a través de notas escritas, chamadas telefónicas...). Podendo elaborar os informes persoais do alumnado e implicándoos nas actividades da aula: elaboración de receitas para as festividades, intervención polo menos unha vez no curso dun familiar por alumno ou alumna, préstamo de materiais que sirvan de apoio e recurso didáctico no desenvolvemento de cada tema...

Informaremos periodicamente ás familias sobre os progresos, dificultades detectadas ... Esta información prodúcese de forma persoal: cantas veces sexa preciso e oportuno, nas sesións de atención a pais e nais fóra do horario lectivo do centro e trimestralmente a través dos boletíns informativos. Está información tamén se levara a cabo de xeito telemático, por Abalar ou por teléfono, sendo presencial como último recurso.

9.- INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO.

1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.

10.- INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE.

En cada sesión de avaliación o equipo de nivel avaliará os procesos de ensinanza e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e co desenvolvemento das competencias clave. Reflexionárase acerca de:

1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
6. Combínase o traballo individual e en equipo.
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de tutoría e orientación.
15. Adequación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.

11.-ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS DE PENDENTES.

Contemplada como unha medida máis de atención á diversidade, está igualmente especificada no Proxecto Curricular. Os principios que haberán de rexer a decisión de dita medida en determinados alumnos/as, así como o seu desenvolvemento posterior poden ser os seguintes:

- 1º.- O curso de repetición debe estar estruturado de tal maneira que poida garantirse que os alumnos/as

afectados poidan promocionar ao curso seguinte e continuar con regularidade (coas axudas que precise) o mesmo.

2º.- Neste caso, a repetición haberá de exporse como unha adecuación do currículo que se efectúa tendo en conta a consecución dos obxectivos de cada materia. Así se consegue reforzar as aprendizaxes nos que o alumno/a atopa maiores dificultades, sen desatender as materias nas que desenvolva ou aprenda as competencias requiridas.

3º.- Adoptar unha avaliación integradora, á vez que convirá ter moi presentes os criterios de promoción aprobados no Proxecto Curricular.

A tales efectos, o Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos, proverán dos medios de apoio e organizativos necesarios para o presente curso, do modo seguinte:

1º.- Durante os primeiros días do curso realizarase a avaliación inicial.

2º.- O titor/a correspondente realizará entrevistas co alumnado repetidor para coñecer as expectativas de progreso e intereses académicos, acompañándose de orientacións sobre estilos de aprendizaxe e hábitos de traballo e estudo.

3º.- Manterá, igualmente, entrevistas cos pais para implicarlles especialmente no control dos plans individuais de estudo na casa, así como o seu seguimento intensivo sobre os progresos, conduta e actitude ante o curso, dificultades e recuperacións a estimular e apoiar.

4º.- Naqueles casos que se estimase conveniente, o profesorado podería propor a adopción de medidas de reforzo ou apoio.

12.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

Durante o primeiro mes de cada curso escolar o/a titor/a realizará unha avaliación inicial, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación, que incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e se completará coa información obtida das familias, será o punto de referencia para a toma de decisións nas programacións de aula, así como para a adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Preténdese aplicar un procedemento que sirva para tomar decisións en relación á prevención, detección e valoración dos problemas de aprendizaxe. Para iso, unha primeira estratexia é a da avaliación inicial dos alumnos, que nos permita;

- Un coñecemento do contexto do grupo.
 - Unha análise dos niveis iniciais de competencia curricular do alumnado. Nel débense considerar tanto as capacidades que están previstas alcanzar no nivel ou etapa, como a relación destas coas áreas, especialmente, de linguaxe e matemáticas. Tratarase de valorar as incidencias das condicións persoais do alumnado (déficits froito do seu historial persoal e de aprendizaxe) cos procesos actuais de aprendizaxe.
 - Unha comprobación dos niveis de competencia curricular do alumnado de necesidades educativas especiais con arranxo ao informe psicopedagóxico ou de atención temperá (se este existise).
 - A toma de decisións sobre reforzo ou adaptación do currículo.
- Cabe esperar que aparezan situacións respecto ao grao de dificultades de aprendizaxe que poidan manifestar os alumnos/as. As máis relevantes haberán de ser expostas ao profesorado.

13.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as

ensinanzas establecidas na *Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*, enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e nas concrecións anuais de dito plan. Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas. Poderemos levar a cabo o ó longo do curso, entre outras:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- Programas de recuperación.
- Programas específicos personalizados.

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Levaranse a cabo o ó longo do curso:

- Adaptacións curriculares.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.

A concepción da escola como grupo humano implica a aceptación da diversidade do alumnado, que como parte dela, integran e enriquecen a labor educativa. Esta aceptación da diversidade, obxectivo clave da *LOMCE*, supónnos aos mestres unha análise e unha reflexión sobre o grupo de alumnos e alumnas, aceptando que cada un ten os seus propios intereses, capacidades e necesidades.

Sabendo o anterior, deseño estratexias que me garantan a atención á diversidade da aula. Por exemplo: modifico os tempos das actividades de aprendizaxe, adaptándoos aos ritmos de cada neno e axeitando a axuda pedagóxica, metodolóxica e as actividades ás características individuais dos nenos e nenas; realizando unha ensinanza individualizada co fin de establecer as medidas e recursos necesarios para a prevención e intervención específicas. Con carácter xeral deseño actividades de reforzo e ampliación, para reforzar ou ampliar as aprendizaxes dos alumnos/as.

Ademais do anterior teño presente que cada neno e nena do grupo ten unha serie de características e estilos de vida propios, que debo coñecer, respectar e facer respectar. Entra a necesidade de obter información sobre as situacións familiares dos meus alumnos/as e para elo emprego estratexias como entrevistas persoais, encontros informais nos momentos de entrada e saída sobre todo de aqueles nenos/as que veñen acompañados polos familiares á escola, xa que algúns empregan o transporte (a comunicación con estas familias a través de notas escritas, chamadas telefónicas...).

Co fin de concretar o conxunto de medidas de atención á diversidade, prescritas polo noso Proxecto Curricular de centro, relaciónanse a continuación os criterios e actuacións previstas para este curso.

Actividades de reforzo e apoio.

Ditas medidas poden requirir ou non adaptacións curriculares pois atenden dificultades de aprendizaxe en calquera área, asociadas ou non a discapacidade.

1.- Reforzo na aula e fora dela, por medio de mestres de apoio e de PT.

Realízase, en horario habitual, modificando as súas estratexias didácticas para adecuar a súa resposta ás características concretas de cada alumno, dispoño de adaptacións nas actividades

Dentro da aula ordinaria, durante o horario normal da materia obxecto de apoio, individualizando as explicacións dadas ao grupo-clase, resolvendo dúbidas, avaliando actividades concretas, ...

En todo caso, o seguimento de calquera das modalidades descritas, contará con colaboración do Departamento de Orientación, facilitando exemplificacións concretas de adaptación curricular, o material de programación e organizativo adecuado, prestando a axuda técnica necesaria e asesorando todo o proceso.

Sobre ditas medidas o mestre informarán tanto ao alumnado afectado por elas coma os pais, sendo estes últimos quen, en última instancia deberán dar conformidade ao proceso a seguir.

14.-ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

O Decreto 105/14, do 4 de setembro, establece que o Proxecto Educativo do centro recollerá o tratamento transversal nas áreas da “educación en valores e outras ensinanzas”. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as TIC, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as disciplinas.

- . O emprendemento : usando unha metodoloxía que favoreza a busca, a exploración; potenciando a participación, a responsabilidade, a auto-avaliación, a imaxinación, a creatividade e a capacidade de traballo -individual e en equipo-. Tamén a autoconfianza, a autoestima, autonomía e o esforzo.
- . Educación cívica e constitucional : a través dos valores democráticos.
- A lectura e escritura, potenciadas nas áreas de lingua, seguindo o establecido no Proxecto Lector (hora de ler, itinerarios lectores coa lectura de un libro cada trimestre...), así como na realización de traballos de investigación e incidindo no traballo da escrita a través de resúmenes, descripcións, cómics, contos, receitas, notas...

A educación en valores son aquelas que establecen contidos asociados ao currículo non organizados nas áreas curriculares, xa que deben impregnar todo o que facer cotián. Para lograr que o alumnado os interiorice e sexa capaz de facelos operativos na súa conduta, extrapolándoos a calquera situación que se lle presente, deseño estratexias, trabálloos asociados a actividades concretas, a conmemoracións ... pero sobre todo aparecen reflexados globalmente en todos e cada un dos elementos que compoñen o proceso de ensinanza-aprendizaxe como é o caso, por exemplo dos obxectivos e contidos.

Incidiremos no desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

A programación docente debe comprender, en todo, caso a prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Os currículos de educación primaria incorporan elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, así como a protección ante urxencias e catástrofes.

Seguridade viaria, promoveremos accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías, en calidade de peón ou peoa, persoa viaxeira e persoa condutora de bicicletas, respecte as normas e os sinais, e de que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións axeitadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

- Debe reflexar os valores do entorno, alumnado e familias.
- Propiciarase unha estreita colaboración dos pais e nais co resto da comunidade educativa.
- Destacarase a importancia da vida académica.
- Darse oportunidade ó alumnado de practicar na vida real as condutas morais aprendidas na aula.
- Dispoñeremos dun sistema da avaliación dos logros que permita perfeccionar o programa prop

Criterios de avaliación

- Comprobar que coñecen o concepto de valor e o aprecian.
- Ver se están sensibilizados con respecto ós valores.
- Comprobar que son capaces de incorporar o valor tanto persoal como socialmente.
- Ver se hai implicación activa, poñendo en práctica o aprendido na vida cotiá.

15- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Participaremos en todas aquelas actividades complementarias e extraescolares que favorezan o desenvolvemento das capacidades do alumnado e contribúan á súa preparación para vivir en sociedade e lles axuden a completar a súa faceta formativa. Conmemoracións o longo do curso que propón a *ORDE do 20 de xuño de 2019 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2019/20 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*, así coma a PXA, coma: Samaín, Día do Libro, Día da Paz...

Complementarán a aprendizaxe dunha serie de normas de convivencia, de hábitos de actitudes individuais e colectivas, ademais de ampliar os contidos teóricos que se impartan nas distintas áreas, favorecendo un maior acercamento á realidade.

Saídas previstas: este ano prevense realizar saídas pola contorna do centro.

16.--CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DE PLANS E PROXECTOS

ACCÍONS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR

Obxectivos xerais:

- Mellorar o hábito lector e o gusto pola lectura.
- Alcanzar unha velocidade lectora e expresión oral adecuada e acorde á súa idade.
- Mellorar o nivel de comprensión lectora.
- Programar actividades de animación á lectura segundo a idade e o nivel.
- Usar a lectura como fonte de información e entretemento.
- Promover o funcionamento da Biblioteca de centro como espazo de aprendizaxe e entretemento.
- Considerar á lectura unha vía de coñecemento.

Plans específicos de 4º de Primaria:

- Espertar o interese e o gusto pola lectura a través de distintos tipos de textos (contos, rimas, adiviñas, poemas...) e diferentes soportes.
- Aumentar a comprensión lectora e o vocabulario do alumno/a.
- Ser capaz de contar unha historia ou expresar a súa idea principal despois de escoitala ou leela, traballando deste xeito a competencia lingüística.
- Potenciar o uso da biblioteca de aula.

Para iso realizaranse as seguintes actividades:

- Préstamo de libros da biblioteca de aula e de centro.
- Realización das fichas de lectura.
- Lectura diaria en clase.
- Narracións por parte dos profesores.
- Participación en contacontos e actividades de animación á lectura propostas ao curso.
- Visitas semanais á biblioteca de centro e ocasionais á municipal.
- Libreta viaxeira.

Recursos:

Recursos humanos.

- Titores e especialistas.
- Coordinadora de Biblioteca.
- Todos aqueles relacionados co tema ofertados polas distintas administracións: préstamos de lotes,

Plan de Fomento e Animación á Lectura, Biblioteca Municipal,
etc. Recursos materiais.

- Libros do texto das diferentes materias.
- Recursos das bibliotecas municipais, de centro e de aula (libros, dicionarios, de consulta,)
- Materiais audiovisuais (películas, diapositivas, música,)
- Materiais de TIC.
- Láminas ilustrativas, marionetas, monicreques e outros materiais adaptados para educación infantil.
- Soportes textuais cotiáns: prensa, receitas, carteis, etiquetas, folletos)
- Material funxible para a realización de actividades.
- Fichas de control de lectura.
- Dicionarios e dicionarios de sinónimos e antónimos.
- Préstamos diarios da clase.

ACCIONES DO PROXECTO DE DIXITAL.

A competencia “Tratamento da Información e a Competencia Dixital” require habilidades para utilizar de forma autónoma e crítica, as ferramentas informáticas para buscar, obter, procesar e transformar información, así como para comunicarse.

En EDUCACIÓN PRIMARIA: Habilidades para buscar, localizar, organizar e comunicar información integrando distintas linguaxes a través das TIC, valorar as súas posibilidades e evitar riscos derivados do seu uso inadecuado.

Obxectivos e capacidades

Con este documento nos marcamos os seguintes obxectivos:

En relación ó Centro:

- Converter en sinal distintivo a utilización das TIC en todo o Centro.
- Recoñecer as TIC como unha ferramenta moderna e motivadora empregada no proceso de ensino e aprendizaxe.
- Ter en conta a conveniencia de “aprender” o manexo das TIC, polo profesorado e alumnado, necesario para todos e compensador para algúns.
- Compromiso para priorizar as TIC na formación do profesorado e no destino dos recursos dispoñibles.
- Aplicar fórmulas organizativas que permitan a todos / as os alumnos ter as mesmas oportunidades de aprendizaxe en relación ás TIC.

En relación ós profesores:

- Realizala formación necesaria currículo instrumental para garantir a participación de todos os profesores.
- Realizar reunións regulares de estudo, reflexión, debate e consenso sobre as liñas de traballo a ser realizado con alumnos e a súa inclusión na programación e nas tarefas de clase.
- Compromiso coa utilización das TIC nas aulas, naqueles aspectos da aprendizaxe nos que é considerado o mellor instrumento.

En relación cos alumnos:

- Conseguir que o alumnado empregue o blogue e as aulas virtual como parte do material escolar.
- Conseguir así que os nosos alumnos, ó final da etapa de Primaria, o fagan co valor engadido dunha educación tecnolóxica en dúas áreas: curricular e instrumental.
- Incluír nas actividades de ensino / aprendizaxe á aplicación das TIC que afectan a realización dos obxectivos das distintas áreas do currículo.
- Coñecer as múltiples fontes de formación, información e comunicación que ofrece Internet.
- Comprender as TIC como unha ferramenta para o traballo intelectual que pode aumentar a

capacidade de manipulación da información, cálculo, comunicación ...

· Empregar as TIC para a realización das actividades instrumentais, que o requiran.

· Para desenvolver as seguintes capacidades que integran a competencia dixital:

1. Coñecer, comprender e empregar os elementos e aplicacións principais do ordenador.
2. Coñecer, comprender e utilizar os elementos e aplicacións principais do computador. Comprender a natureza e modo de operar dos sistemas tecnolóxicos
3. Seleccionar, tratar e utilizar as distintas ferramentas tecnolóxicas
4. Identificar e resolver problemas habituais de software e hardware.
5. Buscar, organizar e xestionar información, a través das tecnoloxías da información e a comunicación, para utilizala en diferentes contextos (académico ou escolar, fogar, lecer e traballo) e con distintos formatos (oral, impreso, audiovisual, dixital ou multimedia).
6. Usar recursos expresivos apropiados para producir, presentar ou comprender información complexa.
7. Coñecer a práctica da comunicación por medios electrónicos e utilizala para comunicarse en contextos cada vez máis amplos.
8. Traballar en contornas colaborativas e participar en comunidades de aprendizaxe formais e informais.
9. Respetar as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes de forma autónoma. E en grupos desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo.
10. Respetar as normas de acceso e conduta para utilizar de forma segura a información dispoñible en Internet, e evitar/rexeitar as páxinas inaceptables e discriminatorias, e respectar os temas privados.
11. Evitar o risco de illamento social ao que leva o seu uso inadecuado.
12. *Valorar de forma crítica e reflexiva a validez da información dispoñible e diferenciar o real do virtual.*
13. Usar as tecnoloxías da información e a comunicación para apoiar o pensamento crítico, a creatividade e innovación do alumnado

4º de Primaria

- Maior soltura no manexo do ordenador: teclado completo, correcto acceso e apagado dos equipos e periféricos, abrir e pechar programas,...
- Aprenderán a manexar xogos con responsabilidade.
- Programas educativos, que lles permitan interactividade, como Mates Blaster, CLIC, hot potatoes, etc.
- Consulta en dicionarios e enciclopedias
- Manexo do procesador de texto a nivel básico
- Uso dirixido de Internet para programas de webs, blogs,...
- Edugaliza e comunidades virtuais educativas.
- Iniciación ao correo electrónico

ACCÍONS DE ACORDO CO PLAN DE CONVIVENCIA.

O Plan de Convivencia debe promover e desenvolver actuacións que favorezan unha convivencia óptima entre os alumnos, establecendo relacións positivas entre todos os sectores da comunidade educativa e buscando unha resolución pacífica de conflitos. Contribuiremos a este plan buscando: que os alumnos leven a cabo traballos en grupo, cooperativos, evitando todo tipo de discriminación cara aos seus compañeiros, independentemente da súa habilidade, o seu sexo ou a súa procedencia...

- Actividades de Intelixencia Emocional.
- Actividades de Educación en Valores.
- Actividades para o Fomento do Civismo.

Tntará vincular na medida do posible, todas as dinamizacións que se levan a cabo no centro, co tema que se escolleu este ano para traballar na biblioteca do centro. Polo tanto a idea fundamental é crear actividades que de xeito transversal conecten con este tema.

Evidentemente todo isto plantexado coa suficiente flexibilidade como para poder variar este plan de traballo en función das necesidades do centro.

Estas actividades se lle van a presentar ó profesorado para que as implementen no seu grupo-aula. Todo isto coa finalidade de favorecer unhas relacións equilibradas e produtivas dentro da comunidade educativa.

Obxectivos para o curso:

- Cumprir e desenvolver o Plan de Convivencia.
- Cumprir as NOFC.
- Implementar actividades a nivel de aula para favorecer a Educación en Valores e a Intelixencia Emocional dende as titorías.

Datas importantes a ter presente:

- Dereitos Humanos e do Neno: Decembro.
- Día da Paz: Xaneiro.
- Día da Muller Traballadora: Marzo.
- Día do Libro: Abril.
- Letras Galegas: Maio.

ACCIÓN DE ACORDO CO PROXECTO LINGÜÍSTICO

Contexto:

Partimos da realidade de que a nosa bisbarra cada vez hai menos galegofalantes. Por outra banda cada vez somos máis conscientes de que o aprendizaxe das linguas estranxeiras é algo imprescindible, polo que apostamos forte polo seu ensino, tendo neste curso a concesión dun auxiliar de conversa en inglés que fai un achegamento profundo do noso alumnado a dita lingua.

Obxectivos:

- Fomentar o uso do galego na comunidade educativa.
- Empregar o galego en usos cotiáns.
- Dinamizar actuacións referidas ao fomento de actitudes positivas.
- Fomentar o uso progresivo do galego desde a etapa infantil para superar as fortes carencias que se observan e chegar ó final da etapa primaria dominando por igual as dúas linguas.
- Sumerxir ós nenos/as na lingua inglesa nas clases.

Accións referidas a aspectos visuais:

- Facer en galego murais, carteis, letreiros...
- Facer en inglés murais, carteis, letreiros...

Accións referidas o emprego do galego en situacións cotiás:

- Empregar o galego na relación coas familias (reunións pais/nais, entrevistas, avisos, etc.)
- Empregar o galego en festivais e outros actos que se organicen.
- Empregar o galego entre o persoal do centro.

Accións referidas ao fomento do galego:

- Incentivar o préstamo dos libros galegos da biblioteca.
- Fomentar o seu uso na aula a través de actividades lúdicas.
- Recuperar e potenciar as festas populares.
- Participar activamente nos actos das Letras Galegas, Día do Peón, Día de Rosalía de Castro e outras

festividades relacionadas co galego.

- Promover intercambios e encontros con outros rapaces/as galego falantes.

Accións referidas ao fomento de actitudes positivas cara a lingua galega

- Realizar carteis, adhesivos e slogans promovendo o uso do galego e tratar de que nos taboleiros predomine a lingua galega.
- As actividades audiovisuais, facelas principalmente en galego.
- Participar en actividades públicas relativas á promoción lingüística.
- Utilizar todo aquel material en galego que contribúa a facer desaparecer os prexuízos.
- Realizar charlas con escritores, personaxes públicos, etc. que normalicen o uso da nosa lingua.
- Seguir a normativa vixente con respecto ás linguas. Elexir na clase o galego do mes e do trimestre.

17.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Na Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia., sinálase que a avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente, en cada sesión de avaliación o profesorado avaliará os procesos de ensinanza e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado, co logro dos obxectivos da etapa e co desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación incluírá, cando menos, os seguintes aspectos:

- a) Aprendizaxes alcanzadas polo alumnado e procedementos de avaliación.
- b) Grao de desenvolvemento das programacións docentes, adecuación ao alumnado de cada unha das súas partes e eficiencia das medidas curriculares e organizativas.
- c) Medidas de atención á diversidade aplicadas.
- d) Clima de traballo na aula.
- e) Coordinación do equipo docente e relación co resto da comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.

2. Nas conclusións da avaliación dos procesos de ensinanza e da práctica docente incluiremos propostas de mellora. Unha síntese desas formarán parte da memoria final de cada un do curso

Polo tanto unha vez o trimestre e reunidos todo o equipo de nivel, tendo en conta a información obtida na reunión de avaliación revisarase a programación, e tomaranse as medidas oportunas, partindo dos seguintes indicadores de logro:

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.

7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
 10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
 11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
 12. Adecuación do libro de texto.
 13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
 14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
 15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].
 - . Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
 17. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
 18. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
 19. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
 20. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
 21. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
 22. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
 23. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
 24. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.
 25. Grado de consecución dos diferente planes e proxectos do centro.

18.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS DAS DIFERENTES ÁREAS.

MÍNIMOS LINGUA CASTELÁ

BLOQUE 1

LCB1.1.1. Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos con certa claridade.

LCB1.1.2. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, participación respectuosa.

LCB1.3.1. Participa activamente e con coherencia na secuencia das súas ideas en diversas situación de comunicación: diálogos, exposicións orais segundo modelo e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e comunicación.

LCB1.3.2. Participa activamente nas tarefas de aula,

LCB1.5.1. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais.

BLOQUE 2

LCB2.1.1. Le en silencio e en voz alta, sen dificultade e con certa expresividade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade

LCB2.2.2. Resume textos lidos, de diferente tipoloxía, adecuados a súa idade e reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.

LCB2.3.6. Iníciase na utilización autónoma do dicionario en distintos soportes, no seu traballo escolar.

LCB2.3.2. Identifica as palabras clave dun texto.

BLOQUE 3

LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelo do ámbito escolar e social: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas

LCB3.1.2. Escribe textos, organizando as ideas utilizando elementos de cohesión básicos e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas.

LCB3.1.4. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.

LCB3.4.1. Emprega, de xeito guiado e segundo modelos, estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.

BLOQUE 4

LCB4.1.1. Coñece e reconece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados.

LCB4.2.1. Coñece, reconece e usa sinónimos, antónimos, polisémicos ou frases feitas na expresión oral e escrita.

LCB4.2.3. Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto.

LCB4.2.5. Recoñece a oración simple, distingue suxeito e predicado.

LCB4.3.3. Utiliza as normas ortográficas básicas nas súas producións escritas.

LCB4.4.4. Usa os signos de puntuación ao producir textos escritos.

LCB4.4.6. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias

BLOQUE 5

LCB 5.1.1. Valora de forma global, as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos.

LCB 5.2.1. Realiza lecturas guiadas e comentadas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.

LCB 5.4.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados.

MÍNIMOS LINGUA GALEGA

BLOQUE 1

LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto xornalístico oral informativo dos medios de comunicación audiovisual, emitido de xeito claro, directo e sinxelo.

LGB1.1.2. Elabora un breve resumo dun texto oral.

LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.

LGB1.3.2. Sigue unha exposición da clase e extrae o sentido global.

LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións...) presentando coherentemente a secuencia de ideas, feitos, vivencias e as súas opinións e preferencias, utilizando o dicionario se é preciso.

LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.

LGB1.11.2. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.

BLOQUE 2

LGB2.1.1. Comprende a información relevante en textos propios de situacións cotiás e dos medios de comunicación social nos que esta se amose de forma evidente.

LGB2.1.2. Identifica as ideas principais dun texto (narrativo, descritivo, expositivo) adecuado á súa idade.

LGB2.3.2. Esquematiza as ideas dun texto sinxelo, indicando as ideas principais.

LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto sinxelo

LGB2.6.3. Le textos, adaptados á súa idade e aos seus intereses, en silencio e sen dificultade.

BLOQUE 3

LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia xeral e de xeito creativo.

LGB3.1.3. Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).

LGB3.1.5. Escribe textos propios seguindo o proceso de planificación, redacción, revisión e elabora borradores.

LGB3.2.4. Escribe textos coherentes empregando algúns elementos de cohesión.

LGB3.3.1. Elabora por escrito textos moi sinxelos do ámbito académico (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descrições, explicacións...) para obter, organizar e comunicar información.

LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, interliñado... en calquera soporte.

BLOQUE 4

LGB4.1.2. Identifica o tempo verbal (presente, pasado e futuro) en formas verbais dadas.

LGB4.1.3. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.

LGB4.1.4. Identifica nun texto substantivos, adxectivos determinantes e cuantificadores.

LGB4.1.5. Sinala o xénero e número de palabras dadas e cámbiao.

LGB4.2.1. Aplica xeralmente as normas de acentuación.

LGB4.2.2. Coñece e utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas.

LGB4.3.1. Emprega con correccións os signos de puntuación.

LGB4.5.2. Sinala intuitivamente o verbo e os seus complementos, especialmente o suxeito, en oracións.

LGB4.6.1. Usa, con certa autonomía, o dicionario en papel ou dixital.

LGB4.7.1. Recoñece palabras derivadas e compostas, identificando e formando familias de palabras.

LGB4.7.2. Recoñece e usa sinónimos, antónimos, palabras polisémicas de uso habitual.

BLOQUE 5

LGB5.1.1. Escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos) e da literatura galega en xeral.

LGB5.2.2. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual e en diferentes soportes.

LGB5.3.1. Identifica o xénero literario ao que pertencen uns textos dados: narrativa, poesía e teatro.

MÍNIMOS VALORES

BLOQUE 1

1. Expresa os seus sentimentos e respecta os dos demais nas actividades cooperativas.
2. Traballa en equipo para a consecución de obxectivos.

BLOQUE 2

1. Expresa as súas propias ideas e emprega argumentos.
2. Respecta as diferenzas individuais.

BLOQUE 3

1. Respecta as normas do centro escolar.
2. Resolve os conflitos de modo construtivo.
3. Realiza tarefas con persoas do outro sexo.

MÍNIMOS MATEMÁTICAS:

BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS

MTB1.2.1. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas:revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución etc.

MTB1.4.1. Practica o método científico sendo ordenado, organizado e sistemático.

BLOQUE 2. NÚMEROS

MTB2.1.1. Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións.

MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as centésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.

MTB2.3.2. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador na resolución de problemas contextualizados.

MTB2.4.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división (de ata dúas cifras) con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás.

MTB2.5.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións.

MTB2.5.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.

BLOQUE 3. MEDIDA

MTB3.1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.

MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán

MTB3.2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.

MTB3.3.1. Resolve problemas da vida diaria utilizando as medidas temporais e as súas relacións.

MTB3.4.1. Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais coma figuradas

BLOQUE 4. XEOMETRÍA

MTB4.1.1. Clasifica triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos, identificando as relacións entre os seus lados e entre áng.

MTB4.2.1. Clasifica cuadriláteros atendendo ao paralelismo dos seus lados.

MTB4.2.2. Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio e diámetro.

MTB4.3.1. Identifica e nomea polígonos atendendo o número de lados.

MTB4.3.2. Recoñece e identifica poliedros, prismas, pirámides e os seus elementos básicos: vértices, caras e arestas.

MTB4.3.3. Recoñece e identifica corpos redondos: cono, cilindro e esfera e os seus elementos básicos.

BLOQUE 5. ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE

MTB5.1.3. Interpreta gráficas de táboas extraendo a información explícita.

MÍNIMOS CIENCIAS SOCIAIS

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS

CSB1.1.1. Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.

CSB1.1.3. Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.

CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.

BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA

CSB2.2.1. Explica e compara as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos identificando polos, eixe e hemisferios.

CSB2.5.1. Define tempo atmosférico, identifica os distintos instrumentos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos clasificándoos segundo a función e información que proporcionan e fai medicións, interpretacións de datos e predicións do tempo atmosférico.

CSB2.5.2. Describe unha estación meteorolóxica, explica a súa función e confecciona e interpreta gráficos sinxelos de temperaturas e precipitacións.

CSB2.6.3. Identifica e nomea os tramos dun río e as características de cada un deles.

CSB2.7.1. Observa, identifica e explica a composición das rochas nomeando algúns dos seus tipos.

CSB2.7.2. Identifica e explica as diferenzas entre rochas e minerais, describe os seus usos e utilidades clasificando algúns minerais segundo as súas propiedades.

CSB2.8.1. Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en Galicia e as súas vertentes hidrográficas.

CSB2.8.2. Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de Galicia.

CSB2.9.1. Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste.

BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE

CSB3.1.1. Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución para o exercicio da cidadanía activa e convivencia pacífica.

CSB3.2.1. Identifica as principais institucións de Galicia e do Estado español e describe as súas funcións

CSB3.3.1. Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España.

CSB3.6.1. Explica normas básicas de circulación e as consecuencias derivadas do descoñecemento ou incumprimento destas.

CSB3.6.2. Coñece o significado dalgunhas sinais de tráfico, reconece a importancia de respectalas e as utiliza tanto como peón ou peoa e como persoa usuaria de medios de transporte (abrochase o cinto, non molestar a persoa condutora...)

BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO

CSB4.1.1. Define o concepto de prehistoria e historia, asociándoa as distintas idades aos feitos que marcan o seu inicio e final.

CSB4.1.2. Explica e valora a importancia da escritura, a agricultura e a gandería, como descubrimentos que cambiaron profundamente as sociedades humanas.

CSB4.3.1. Reconece o século como unidade de medida do tempo histórico e localiza feitos situándoos como sucesivos a.C o d.C.

CSB4.4.1. Sitúa nunha liña do tempo os feitos fundamentais da prehistoria e historia de España e describe as principais características de cada unha delas.

CSB4.5.1. Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.

MÍNIMOS CIENCIAS NATURAIS

BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA

CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.

CNB1.1.2. Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa.

CNB1.1.3. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.

CNB1.3.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.

BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE

CNB2.1.1. Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.

CNB2.1.2. Recoñece a importancia dos sentidos para a relación co medio e as formas de coidalos.

CNB2.2.3. Recoñece algúns factores que producen as enfermidades máis habituais (carie, catarros, gripe, obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención

CNB2.3.3. Analiza dietas e elabora un menú equilibrado na escola.

BLOQUE 3. OS SERES VIVOS

CNB3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.

CNB3.1.2. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica plantas do seu contorno, con criterio científico.

CNB3.2.1. Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación.

BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA

CNB4.1.1. Identifica e coñece a intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá.

CNB4.1.2. Explica algunhas características e propiedades do aire e as actuacións necesarias para evitar a súa contaminación

CNB4.1.3. Elaborar protocolos para mellorar os problemas medioambientais da súa contorna.

CNB4.2.2. Identifica forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou se deformen a través de experiencias ou pequenas investigacións

CNB4.3.2. Identifica e prepara algunhas mesturas de uso doméstico.

BLOQUE 5: A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS

CNB5.1.1. Manipula e identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá, analizando o seu funcionamento.

CNB5.1.2. Coñece a enerxía que empregan as máquinas de uso habitual e explica a importancia da ciencia e a tecnoloxía na vida cotiá.

CNB5.1.1. Identifica diferentes tipos de máquinas e clasifícaaas segundo o número de pezas, o xeito de accionalas e a acción que realizan.

CNB5.3.1. Identifica os elementos dun circuíto eléctrico, constrúe un e explica algúns efectos da electricidade.

CNB5.4.1. Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade.

20.- TEMPORALIZACIÓN DAS DIFERENTES ÁREAS.

1º	LINGUA GALEGA		
	UNIDADE	TEMPORALIZACIÓN	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN
	1	SETEMBRO- OUTUBRO	1º EXAMEN ESCRITO ORAL
	2	OUTUBRO	
	3	NOVEMBRO	2º EXAMEN ESCRITO ORAL
	4	NOVEMBRO - DECEMBRO	

2º	LINGUA GALEGA		
	UNIDADE	TEMPORALIZACIÓN	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN
	5	XANEIRO	1º EXAMEN ESCRITO ORAL
	6	XANEIRO – FEBREIRO	
	7	FEBREIRO – MARZO	2º EXAMEN ESCRITO ORAL
	8	MARZO	

3º	LINGUA GALEGA		
	UNIDADE	TEMPORALIZACIÓN	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN
	9	ABRIL	1º EXAMEN ESCRITO ORAL
	10	MAIO	
	11	MAIO – XUÑO	2º EXAMEN ESCRITO ORAL
	12	XUÑO	

LINGUA CASTELÁ		
UNIDADE	TEMPORALIZACIÓN	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN
1	SETEMBRO	1º EXAMEN ESCRITO ORAL
2	OUTUBRO	
3	OUTUBRO-NOVEMBRO	2º EXAMEN ESCRITO ORAL
4	NOVEMBRO	3º EXAMEN ESCRITO ORAL
5	DECEMBRO	

2º	LINGUA CASTELÁ		
	UNIDADE	TEMPORALIZACIÓN	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN
	6	XANEIRO –	1º EXAMEN ESCRITO ORAL
	7	XANEIRO – FEBREIRO	
	8-9	FEBREIRO	2º EXAMEN ESCRITO ORAL
	10	FEBREIRO MARZO	
	11	MARZO	3º EXAMEN ESCRITO ORAL

3º	LINGUA CASTELÁ		
	UNIDADE	TEMPORALIZACIÓN	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN
	12	ABRIL	1º EXAMEN ESCRITO ORAL
	13	ABRIL- MAIO	
	14	MAIO	2º EXAMEN ESCRITO ORAL
	15	MAIO – XUÑO	

1º	MATEMÁTICAS		
	UNIDADE	TEMPORALIZACIÓN	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN
	1	SETEMBRO	1º EXAMEN ESCRITO ORAL
	2	OUTUBRO	
	3	OUTUBRO NOVEMBRO	2º EXAMEN ESCRITO ORAL

	4	NOVEMBRO	3º EXAMEN ESCRITO ORAL
	5	DECEMBRO	

2º	MATEMÁTICAS		
	UNIDADE	TEMPORALIZACIÓN	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN
	6	XANEIRO	1º EXAMEN ESCRITO ORAL
	7	XANEIRO – FEBREIRO	
	8	FEBREIRO	2º EXAMEN ESCRITO ORAL
	9	MARZO	
	10	MARZO – ABRIL	3º EXAMEN ESCRITO ORAL

MATEMÁTICAS			
3º	UNIDADE	TEMPORALIZACIÓN	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN
	11	ABRIL	1º EXAMEN ESCRITO ORAL
	12	ABRIL- MAIO	
	13	MAIO	2º EXAMEN ESCRITO ORAL
	14-15	MAIO – XUÑO	

CIENCIAS SOCIAIS			
	UNIDADE	TEMPORALIZACIÓN	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN
	1	SETEMBRO – OUTUBRO	1º EXAMEN ESCRITO ORAL
	2	OUTUBRO – NOVEMBRO	2º EXAMEN MAPA MUDO ORAL
	3	NOVEMBRO - DECEMBRO	3º EXAMEN MAPA MUDO TRABALLO

2º	CIENCIAS SOCIAIS		
	UNIDADE	TEMPORALIZACIÓN	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN
	4	XANEIRO	1º EXAMEN ESCRITO ORAL
	5	FEBREIRO	
	6	MARZO	2º EXAMEN ESCRITO ORAL

CIENCIAS SOCIAIS			
3°	UNIDADE	TEMPORALIZACIÓN	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN
	11	ABRIL	1° EXAMEN ESCRITO ORAL
	12	ABRIL- MAIO	
	13	MAIO – XUÑO	2° EXAMEN ESCRITO ORAL

CIENCIAS NATURAIS		
UNIDADE	TEMPORALIZACIÓN	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN
1	SETEMBRO – OUTUBRO	1° EXAMEN ORAL,
2	OUTUBRO – NOVIEMBRE	2° EXAMEN ORAL, TRABALLO,
3	NOVIEMBRE - DICIEMBRE	3° EXAMEN ESCRITO, ORAL

2°	CIENCIAS NATURAIS		
	UNIDADE	TEMPORALIZACIÓN	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN
	4	XANEIRO	1° EXAMEN ESCRITO ORAL
	5	FEBREIRO	
	6	MARZO – ABRIL	2° EXAMEN ESCRITO ORAL

CIENCIAS NATURAIS			
3°	UNIDADE	TEMPORALIZACIÓN	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN
	11	ABRIL	1° EXAMEN ESCRITO ORAL
	12	ABRIL- MAIO	
	13	MAIO – XUÑO	2° EXAMEN ESCRITO ORAL

Beatriz Ponte Rodríguez.

Almudena Mosquera Durán.

María José Ferreira Pérez.

Miño, setembro de 2022